

Publicada na Plataforma acta da mesa de contratación celebrada en data 2 de marzo de 2023, onde consta erro de transcripción no 4º punto respecto da proposta de adxudicación, relativo á empresa que obtivo a mellor puntuación de acordo cos informe de valoración, pola presente procédese a aprobar e publicar a acta coa corrección oportuna:

### **ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN**

En Mos, 2 de marzo de dous mil vinte tres.

Na sala de sesións do Concello de Mos, ás 11:15 horas, reúnese a Mesa de Contratación na licitación, mediante procedemento aberto (SARA), de contrato administrativo de servizos de recollida de residuos sólidos urbanos (fracción resto e selectiva) e a limpeza viaria do Concello de Mos, tramitación ordinaria, integrada pola Sra. Alcaldesa, Dna. Nidia María Arévalo Gómez como Presidenta, D. Baldomero Lorenzo García, Concelleiro delegado de Servizos, D. Carlos Piñeiro Sarmiento, Secretario do Concello, D. Santiago Gestal Pérez, Interventor, como Vocais. Actúa como Secretaria da Mesa de Contratación, a funcionaria Dna. Rosa Rodríguez González, adscrita á Secretaría, que da fe do acto. Cóntase coa asistencia técnica do informático do Concello..

**PRIMEIRO.-** A Mesa procedeu na Mesa anterior celebrada o 1 de marzo á apertura e lectura das ofertas económicas presentadas polas persoas licitadoras que concorreron e foron admitidas (Arquivo III) remitindo as ofertas a informe de valoración dos Servizos Técnicos.

Emitido informe de valoración en data de hoxe:

**“INFORME TÉCNICO DE VALORACIÓN DAS OFERTAS TÉCNICAS PRESENTADAS NO PROCEDIMENTO ABERTO DO “CONTRATO DE SERVICIO DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS (FRACCIÓN ORGÁNICA E SELECTIVA) E A LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DE MOS.**

**EXP. GESTIONA: 1842/2022  
VALORACIÓN ARQUIVO III**

#### **1.- OBXECTO E ANTECEDENTES**

##### **1.1.- OBXECTO:**

O presente informe redáctase a petición da Mesa de Contratación do expediente de referencia 1842/2022 “CONTRATO DE SERVICIO DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS (FRACCIÓN ORGÁNICA E SELECTIVA) E A LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DE MOS”

O obxecto do presente informe é analizar os aspectos técnicos das ofertas achegadas referentes á convocatoria, por procedemento aberto con varios criterios de valoración, para a contratación da xestión dos servizos de recollida de residuos municipais (fracción orgánica e selectiva), e a limpeza viaria do concello de Mos.



En concreto, analizouse e valorouse a documentación presentada no ARQUIVO II, referente á documentación avaliable mediante un xuízo de valor.

## 1.2.- ANTECEDENTES:

1.- Prego de prescricións técnicas asinado pola enxeñeira municipal, relativo á contratación do servizo de recollida de residuos municipais (fracción orgánica e selectiva) e a limpeza viaria do concello de Mos.

Así mesmo no prego técnico axúntanse unha serie de Anexos:

- *Anexo I: Cantidades aproximadas de residuos recollidos (ano 2021), por tipo e fracción*
- *Anexo II: Dotación mínima de contedores de recollida selectiva*
- *Anexo III: Relación de contedores existentes (estimación)*
- *Anexo IV: Relación de vehículos /maquinaria propiedade do Concello*
- *Anexo V: Zonas limpeza viaria*
- *Anexo VI: Emprazamento de bases de recollida de lixo no solo urbano*
- *Anexo VII: Equipos mínimos a empregar en limpeza viaria*
- *Anexo VIII: Relación de persoal servizo de recollida e transporte RSU e limpeza viaria*
- *Anexo IX: Festas patronais-concello de Mos*
- *Anexo X: Convenio marco de colaboración entre a administración xeral da comunidade autónoma de Galicia e as entidades xestoras dos sistemas integrados de xestión (SIX) de residuos de pilas e acumuladores (RPA)*

2.- Prego de cláusulas administrativas particulares, asinado polo concelleiro delegado de contratación.

3.- Estudio económico redactado e asinado pola empresa PWACS, como asistencia técnica para a redacción do mesmo.

4.- Memoria xustificativa de non división en lotes e insuficiencia de medios e necesidade do contrato.

5.- Informe do secretaria municipal de data 16.09.2022

6.- Informe favorable de intervención municipal, da fiscalización do contrato administrativo de servizos.

7.- Por acordo do Pleno en sesión ordinaria do 7 de outubro de 2022, aprobouse o expediente de contratación de servizos.

8.- Publicación na Plataforma de Contratación do Sector Público o 13.10.2022.

9.- Con data 11.11.2022, a FEDERACIÓN UGT-SERVICIOS PÚBLICOS presentou un recurso especial en materia de contratación, ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que se acordou a suspensión provisional do procedemento ata a resolución do Recurso Especial en materia de contratación polo Tribunal.



10.- En data 23 de novembro de 2022, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da comunidade autónoma de Galicia, acorda inadmitir o recurso interposto, por terse presentado fora de prazo de 15 días hábiles previsto para a interposición do recurso especial, polo que se levanta a suspensión provisional.

11.- A Mesa de Contratación en sesión do 24 de novembro de 2022, procede á apertura do **arquivo electrónico I e do arquivo electrónico II** e compróbase que todas as empresas licitadoras concorreron en forma e prazo á licitación.

12.- Consta informe técnico de valoración do arquivo II de data 17.02.2023

13.- A Mesa de contratación en sesión do 22 de febreiro de 2023, procede a ponderar, de acordo co informe de valoración, os criterios dependentes dun xuízo de valor co seguinte resultado:

- FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U.: 43,26 puntos
- URBASER, S.A.: 33,15 puntos
- ASCAN SERVICIOS URBANOS, S.L.: 16,48 puntos

*De conformidade co previsto na cláusula 10.2.1.1 dos PCAP (será rexeitada toda oferta que na valoración final do apartado de criterios que dependan dun xuízo de valor, non obteña unha puntuación igual ou superior a 23,00 puntos), a Mesa entende que procede a exclusión da oferta presentada por*

*ASCAN SERVICIOS URBANOS, S.L.*

## 2.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

Segundo o recollido no artigo 10.2.2.- *Criterios avaliábles mediante fórmulas*

### A) PREZO OFERTADO Á BAIXA (puntuación máxima 49 puntos)

**10.2.2.1.-** *Á mellor Oferta económica, entendendo por tal a que presente unha maior diminución no importe total ofertado, concederáse 49 puntos. Para determinar a puntuación que corresponda a cada oferta económica, calcularáse por aplicación da seguinte fórmula:*

$$P_i = P_{max} * [(P_l - O_i) / (P_l - O_e)]$$

*, onde*

*P<sub>i</sub>: puntuación obtida polo licitador i*

*P<sub>max</sub>: puntuación máxima posible (49 puntos)*

*P<sub>l</sub>: prezo de licitación*

*O<sub>i</sub>: oferta realizada do licitador i*

*O<sub>e</sub>: oferta máis económica*

*Serán desestimadas as ofertas que superen o tipo máximo de licitación establecido no prego.*

### **10.2.2.2.- Ofertas con valores anormais ou desproporcionados:**

*Terán a consideración de ofertas con valores anormais ou desproporcionados as que se aprecien conforme ao establecido no artigo 149 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de contratos del sector público e art.85 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas:*



1.- Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.

2.- Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais a outra oferta.

3.- Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Con todo, excluírase para o cómputo de dita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais a dita media. En calquera caso, considerarase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.

4.- Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades

porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Con todo, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a dita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederase ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor cuantía.

Se o órgano de contratación, considerando a xustificación efectuada polo licitador e os informes correspondentes, estima que a oferta económica non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, excluírase da clasificación e acordará a adxudicación a favor da proposición economicamente máis vantaxosa, de acordo ca orde a que foran clasificadas.

**10.2.2.3.-** A proposición económica presentarase en caracteres claros, e non se aceptarán aquelas que teñan omisións, erros ou tachaduras que impidan coñecer, claramente, o que a Administración estime fundamental para considerar a oferta.

## **B) MELLORAS OFERTADAS SEN CUSTO A MAIORES DOS PREVISTOS NOS PREGOS:**

### **PUNTUACIÓN MÁXIMA 6 PUNTOS.**

10.2.3.- Dentro deste apartado valorarase exclusivamente a presentación por parte das empresas dos seguintes servizos complementarios destinados a mellorar e incrementar a calidade de vida das persoas usuarias, e en concreto:

#### **1.- UN DÍA ADICIONAL AO MES DE RECOLLIDA DE RESIDUOS VOLUMINOSOS (0-4 puntos)**

Proposta (conforme ao Anexo I destes PCAP), dun servizo de UN día adicional ao mes de recollida de residuos voluminosos, concertada ou non concertada. O custe deste día adicional non está incluído dentro do orzamento e se ofrecerá sen custe engadido para o Concello de Mos. Valorarase cun máximo de 4,00 puntos

#### **2.- CAMPAÑAS DE CONCIENCIACIÓN (0-2 puntos):**

Os licitadores establecerán unha partida fixa anual SEN custe para o concello, que comprometen a destinar a gastos en materia de concienciación, encuestas de participación o actividades de formación medio-ambiental á cidadanía, que porán a disposición do concello de Mos, para a realización de actividades relacionadas co ámbito da licitación.



A proposta do adxudicatario e coa autorización previa do concelleiro delegado realizarase de común acordo un plantexamento de actividades e gastos anuais. Esta partida inclúe todos os gastos (honorarios externos, etc), que o licitador está disposto a acometer para dita prestación, a excepción do IVE. Dita partida non aparecerá incluída no estudo económico dos licitadores, por considerarse mellora sen custe e estará referida ao prezo anual de licitación.

Puntuarase do seguinte xeito:

- Aquel licitador que propoña superar en gastos o 1% do prezo anual recibirá 2 puntos
- Os licitadores que propoñan un 0,5% do prezo anual, recibirán 1 punto.
- Os licitadores que propoñan unha cifra entre o 0,5% e o 1% do prezo de licitación, recibirán unha puntuación respecto ao mínimo valorable (0,5%), e se calculará coa seguinte fórmula:

$$P = Of \text{ licitante} / 0,5\%$$

Engádesse a seguinte táboa a efectos informativos:

<i>Proposta</i>	<i>Puntuación</i>
0,50 %	1,00
0,60 %	1,20
0,70 %	1,40
0,80 %	1,60
0,90 %	1,80
1 %	2,00

As melloras ofertadas polo concursante que resulte adxudicatario pasarán a formar parte do obxecto do contrato.

**10.2.4.-** A puntuación conxunta máxima alcanzable será de 100 puntos. O contrato de servizos será adxudicado ao licitador que máis puntos obteña do máximo previsto.

**10.2.5.-** De conformidade co disposto no artigo 147.2 LCSP, o empate entre varias ofertas trala aplicación dos criterios de adxudicación do contrato resolverase mediante a aplicación por orde dos seguintes criterios sociais, referidos ao momento de finalizar o prazo de presentación de ofertas.

No suposto de que dúas ou máis proposicións obteñan a mesma puntuación despois de haber aplicado os criterios de adxudicación expostos previamente, terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu cadro de persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao 2% e así o acredítase no momento de xustificar a súa solvencia técnica.

De persistir o empate, resolverase segundo o disposto ao efecto na Disposición Adicional 4ª.2 do TRLCSP e, de continuar tal igualdade, por sorteo.

### **3.- VALORACIÓN DAS OFERTAS ARQUIVO III**



EMPRESAS	OFERTA ECONÓMICA (€/ANO) S/IVE	% BAIXA SOBRE MEDIA	DIFERENCIA (%)	PUNTOS
FCC MEDIOAMBIENTE, S.A.U.	894.141,68 €	93,21 %	-6,79 %	49,00
URBASER, S.A.	1.024.321,02 €	106,79 %	6,79 %	0,20

\*Ningunha das ofertas se atopa en situación de baixa temeraria

EMPRESAS	RECOLLIDA ADICIONAL 1 VEZ/MES VOLUMINOSOS	PUNTOS
FCC MEDIOAMBIENTE, S.A.U.	SI	4,00
URBASER, S.A.	SI	4,00

EMPRESAS	CAMPAÑAS CONCIENCIACIÓN	PUNTOS
FCC MEDIOAMBIENTE, S.A.U.	1 % custe anual	2,00
URBASER, S.A.	1 % custe anual	2,00

**Resumo:**

EMPRESAS	TOTAL ARQUIVO III
FCC MEDIOAMBIENTE, S.A.U.	55,00
URBASER, S.A.	6,20

**4.- RESUMEN DA PUNTUACIÓN FINAL DAS OFERTAS**

EMPRESAS	ARQUIVO II	ARQUIVO III	TOTAL
FCC MEDIOAMBIENTE, S.A.U.	43,26	55,00	<b>98,26</b>
URBASER, S.A.	33,15	6,20	39,35

**5.- CONCLUSIONES**

Unha vez realizadas as valoracións correspondentes aos distintos criterios de adxudicación establecidos no prego de prescricións técnicas particulares (Arquivo II e Arquivo III), conclúese que a oferta que obtivo maior puntuación corresponde á oferta presentada por FCC MEDIOAMBIENTE, S.A.U, cunha puntuación de **98,26 puntos**.

, o que se da traslado ao órgano de contratación aos efectos oportunos”

**SEGUNDO.-** A Mesa procede á valoración das ofertas segundo o citado informe e conforme aos criterios previstos nestes pregos, comprobado que ningunha das ofertas está incluída en baixa temeraria:

- FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U.: 55,00 puntos.
- URBASER, S.A.: 6,20 puntos.

Seguidamente, a Mesa procede á suma das puntuacións obtidas por cada unha das ofertas presentadas nos dous apartados, logo da valoración da documentación remitida nos Arquivos II e III:

- FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U.: 43,26 + 55,00 = 98,26 puntos.



- URBASER, S.A.:  $33,15 + 6,20 = 39,35$  puntos.

**TERCEIRO.-** Seguidamente, a Mesa, en consecuencia, procede a clasificar as ofertas presentadas, unha vez sumadas as puntuacións deste Arquivo III coas obtidas como resultado da valoración do Arquivo nº II:

**1) FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U.: 98,26 puntos.**

2) URBASER, S.A.: 39,35 puntos.

**CUARTO.-** De conformidade coa cláusula 14.4 dos PCAP, a Mesa, atendendo á oferta que obtivo maior puntuación, acorda formular proposta de adxudicación en favor de FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U e , de acordo co acordo plenario como órgano de contratación de delegar na Mesa os acordos de requirimento de documentación á mellor oferta previo á adxudicación, a Mesa acorda requirirlle a FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U. para que no prazo de 10 días hábiles, a contar desde o seguinte á notificación do presente acordo, para que presente a documentación esixida na cláusula 15 dos PCAP.

A Sra. Presidenta da por terminada a reunión ás 11.45 horas.

E para constancia do tratado levanto a presente Acta que eu a Secretaria, tra-la súa lectura, someto á sinatura da Presidenta; dou fe.

**Documento asinado electronicamente á marxe**

